

# INDICACIÓNS PARA ELABORAR UN MANIFESTO



- GUIÓN PREVIO OU BORRADOR
- MODELO OU EXEMPLO DE MANIFESTO

Un manifesto é unha declaración pública de principios. É un tipo de texto no que unha persoa, colectivo ou organización expón os seus principios, as súas intencións, as súas demandas ou as súas denuncias. Hai manifestos correspondentes a todos os ámbitos (artístico, literario, filosófico, político, sindical, persoal, institucional), pero todos responden á pregunta: EN QUE CREO / CREMOS? Por iso no manifesto expónse unha ideoloxía que ataca ou critica outra distinta. Son mensaxes revolucionarias.

## ESTRUTURA:

### Introdución:

1. Contexto (*Ante o día sinalado... Ante estes feitos...*)
2. Autor/es (*os autores/as deste manifesto...*)
3. Destinatarios (*dirixímonos a vós...*)
4. Enunciado da tese (*para defender...*)

### Desenvolvemento:

1. Polémica con outras ideoloxías (ANTÍTESE: enumeramos as ideas coas que non estamos de acordo, denunciando os feitos que queremos mudar).
2. Exposición dos propios principios: (TESE: presentamos as nosas ideas e reivindicamos cambios con propostas de futuro).


### Conclusión:

1. Recollida final das ideas principais. (*Acabamos reafirmándonos en...*)
2. Invitación a unirse ao manifesto. (*Invitamos a que apoiedes...*)

**Lema** (*Tira o mandil!...*)

## PASOS

1. **Busca a información.** Investiga sobre o tema ou asunto no que se basean as túas ideas para poder sostelas con argumentos. Busca outros manifestos semellantes que che sirvan de modelo.
2. **Selecciona a información.** Fai un esquema temático numérico. Escolle as ideas e ordénalas seguindo o modelo da estrutura.
3. **Escolle o enunciado da tese.** Elixo o elemento unificador de todo o manifesto: a TESE, o elemento central que servirá de fío condutor para todo o texto e repetirás nas distintas partes do mesmo.
4. **Enumera as túas reivindicacións.** Escolle as ideas principais da túa ideoloxía que sosteñan a túa tese e confróntasas con aquelas que queres combater.
5. **Presenta as propostas de actuación.** Describe con que accións levarás a cabo as túas ideas.
6. **Escolle un lema,**
7. **Coida a expresión.** Procura a corrección ortográfica e gramatical. Respecta as propiedades textuais. Usa verbos de acción en voz activa. Sírverte dun léxico preciso e evita os termos xenéricos.





## MANIFESTO 8M

Como cada 8 de marzo Día Internacional da Muller, o alumnado do IES Félix Muriel, neste caso o grupo Ekos, dirixímonos a vós para defender a loita das mulleres por conseguir a súa participación na sociedade en igualdade de condicións co home.

As desigualdades entre homes e mulleres son un feito que historicamente denunciou o movemento feminista especialmente no ámbito laboral. Estas son as razóns que nos moven a realizar este acto reivindicativo:

- Porque as mulleres son as que sofren acoso nas rúas, no traballo, na casa... Porque as mulleres seguen a ser as agredidas, as violadas, as asasinadas polo feito de seren mulleres.
- Porque as mulleres seguen asumindo maioritariamente unha dobre xornada dentro e fóra do fogar; porque son as mulleres as que maioritariamente coidan as crianzas ou familiares dependentes...
- Porque as mulleres viven co medo a ser despedidas cando se converten en nais.

- Porque en moitos sectores laborais as mulleres cobran menos por facer o mesmo traballo que os homes e teñen máis contratos a tempo parcial...
- Porque é maior o número de mulleres desempregadas.
- Porque é menor o número de mulleres en cargos directivos... Porque se mantén unha distribución sexista do traballo.
- Porque as mulleres teñen peores pensións que os homes.

En conclusión, reafirmámonos na necesidade de seguir reivindicando o 8 de marzo mentres non academos a igualdade, e seguir botándonos á rúa, así que convidámosvos a tirar o mandil e convertelo na capa das heroínas anónimas que somos todas.

## TIRA O MANDIL!

